

DOCUMENTO MARCO DO PROGRAMA DE APRENDIZAXE SERVIZO NA UDC

1. OBXECTIVO XERAL

O obxectivo xeral do Programa de Aprendizaxe Servizo na UDC é a institucionalización da Aprendizaxe Servizo (en adiante ApS) no marco da actividade curricular e académica da Universidade da Coruña.

2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- Definir e delimitar o concepto de ApS.
- Establecer un marco legal e institucional que xustifique o proceso de implantación e institucionalización desta metodoloxía.
- Delimitar un protocolo de actuación que coordine a todos os elementos implicados no proceso de implantación do ApS e estableza as súas funcións.
- Establecer un mecanismo de recoñecemento e acreditación do emprego do ApS como estratexia clave para unha educación de calidade que cumpra cos principios dunha Universidade comprometida coa realidade social.

3. DEFINICIÓN E ELEMENTOS DA APRENDIZAXE SERVIZO

A ApS é unha proposta educativa que combina procesos de aprendizaxe e servizo á comunidade nun só proxecto, no cal as persoas participantes se forman traballando sobre necesidades reais da contorna co obxectivo de melloralas (Puig et alii, 2011)¹. Trátase dunha actividade que integra o servizo á comunidade coa aprendizaxe de contidos e a adquisición de competencias a partires da práctica reflexiva. A principal diferenza co voluntariado reside en que os proxectos de ApS dan resposta sempre a resultados de aprendizaxe asociados a unha materia do currículo académico co obxectivo de acadar determinadas competencias propias da titulación na que se enmarca esa materia. No contexto dos plans de estudos da UDC, unha proposta de ApS podería efectuarse no marco das distintas materias dunha titulación así como tamén, no dos TFG, TFM ou Prácticum.

¹ Puig Rovira, Josep M. *et al.*: Aprendizaje-Servicio y Educación para la Ciudadanía. En *Revista de Educación*, número extraordinario 2011, pp. 45-67 [[En liña](#)] (consultado 12-11-15)



4. MARCO LEGAL E INSTITUCIONAL

4.1. Xustificación do programa

Unha das premisas fundamentais do [Plano estratéxico da Universidade da Coruña 2013-2020](#) é “a necesidade e a vontade de facer da UDC unha universidade mergullada integra e activamente na sociedade que a rodea; unha universidade aberta, en diálogo cos axentes sociais e as entidades públicas e privadas para superar con éxito os retos formulados pola sociedade do século XXI.” (p.4). Dito plan desenvolve uns obxectivos que se enmarcan en cinco áreas estratéxicas, unha das cales é de especial relevancia para dar xustificación á implantación da metodoloxía ApS: a **Responsabilidade Social universitaria**. Efectivamente, o compromiso coa responsabilidade social pasa por converter a nosa universidade nun verdadeiro motor de cambio social e nunha institución aberta e comprometida activamente coa súa contorna máis próxima (p.5), así como tamén por establecer unha relación bidireccional entre universidade e sociedade para xerar unha dinámica de desenvolvemento social, cultural e económico (p. 17).

Por outra banda, no marco do EEES e do modelo de Aprendizaxe baseado en Competencias que está finalizando de implantarse en todas as titulacións do sistema universitario español, a UDC estableceu unha serie de oito competencias nucleares ou transversais, comúns a todas as súas titulacións, que necesariamente debe acadar todo titulado nesta universidade. Pois ben, a competencia nuclear 4 establece que todo titulado na UDC será capaz de:

Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.

Neste contexto, a Aprendizaxe Servizo perfílase como unha valiosa estratexia para a inclusión da responsabilidade social e da concienciación nunha cidadanía crítica, comprometida e solidaria no marco dos currículos universitarios. Na medida en que

esta metodoloxía contempla dous compoñentes básicos como son a aprendizaxe vencellada ao currículo e o servizo voluntario á comunidade, faise necesario impulsala como estratexia de formación integral do estudiantado como profesionais e como persoas éticas e comprometidas coa sociedade.

4.2. Vicerreitorías que o van impulsar

O proceso de institucionalización da Aprendizaxe Servizo na UDC está impulsado e coordinado pola Vicerreitoría de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías e pola Vicerreitoría de Relacións Internacionais e Cooperación.

4.3. Unidades ou servizos implicados

As unidades encargadas de coordinar todo o proceso de implantación da Aprendizaxe Servizo na UDC son a OCV (Oficina de Cooperación e Voluntariado), dependente da Vicerreitoría de Relacións Internacionais e Cooperación; e o CUFIE (Centro Universitario de Formación e Innovación Educativa), dependente da Vicerreitoría de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías

4.4. Compromisos adquiridos pola UDC

- Recoñecemento institucional para o profesorado que promova, titorice, coordine e avalíe proxectos de Aprendizaxe Servizo no contexto das materias que imparte.
- Compromiso co desenvolvemento de programas de formación para o PDI na metodoloxía da aprendizaxe Servizo.
- Difundir e dar visibilidade aos proxectos de ApS avaliados positivamente a través das webs institucionais.
- Ofrecer a necesaria cobertura sanitaria e xurídica de responsabilidade civil que se puidera derivar da aplicación de proxectos de ApS á comunidade fóra dos recintos universitarios, que garanta os dereitos de seguridade e saúde de todas as persoas implicadas (estudantes e profesorado).
- Creación dunha estrutura estable que dé soporte á planificación, execución e seguimento dos proxectos de ApS.

5. PLAN DE ACTUACIÓN PARA A INSTITUCIONALIZACIÓN DA APRENDIZAXE SERVIZO

Co obxecto de regular e institucionalizar o proceso de implantación da ApS na UDC, establécense as seguintes directrices ou pasos a seguir:

PRIMEIRO. Constitución dunha comisión coordinadora encargada de validar os proxectos presentados. Dita comisión estará formada como mínimo por:

- Unha persoa representante das entidades receptoras do servizo que teña participado previamente nalgunha experiencia de ApS da UDC.
- Un técnico/a do CUFIE
- Unha persoa representante da OCV
- Un/unha docente que teña participado nalgunha experiencia de ApS da UDC
- Un alumno/a que teña participado nalgunha experiencia de ApS da UDC
- O/A Vicerreitor/a responsable da formación do profesorado

SEGUNDO. Apertura do prazo de presentación de proxectos para o profesorado: O CUFIE abrirá un prazo en cada curso académico para que o PDI poida presentar as súas propostas. A presentación do proxecto farase a través dun documento modelo publicado na web do CUFIE que os docentes deberán cumprimentar e enviar dentro do prazo previsto.

TERCEIRO. Guías docentes: O persoal docente incluírá esta metodoloxía de traballo na guía docente correspondente, dentro do prazo de edición das guías, asignándolle un número aproximado de horas de dedicación dentro da planificación da materia na que se enmarque o proxecto.

CUARTO. Asesoramento durante a execución do proxecto: O CUFIE en coordinación coa OCV, asesorará aos docentes cuxos proxectos fosen presentados e fará un seguimento de todo o proceso de posta en marcha e execución dos proxectos.

QUINTO. A OCV encargárase de:

- Difundir e visibilizar entre a comunidade universitaria as vantaxes desta metodoloxía de traballo mediante a convocatoria e impartición de unha ou varias accións formativas anuais destinadas ao PDI da UDC.
- Establecer una rede de entidades colaboradoras e receptoras dos servizos.
- Xestionar as sinaturas dos convenios (vid. Anexo 1) entre entidades receptoras e UDC.
- Actuar como intermediaria entre os titores académicos e as persoas de referencia nas entidades receptoras do servizo.

SEXTO. Envío de documentación ao CUFIE: Unha vez desenvolvidas e avaliadas as experiencias de ApS no marco do currículo académico, o persoal docente enviará ao CUFIE a seguinte documentación:

- Unha memoria en formato presentación que describa as experiencias realizadas e recolla as reflexións e opinións persoais do alumnado participante.
- Os informes de seguimento e os resultados da avaliación dos estudantes.

A recepción das memorias non terá data límite, poderán enviarse ao longo de todo o curso académico.

SÉPTIMO. Avaliación multifocal: finalizado o curso académico, reunírase a comisión coordinadora co obxecto de poñer en común todos os informes de seguimento recollidos e de analizar as memorias presentadas. As experiencias que superen os criterios de avaliación establecidos pola comisión serán validadas e publicadas nas webs institucionais do CUFIE e da OCV.

OITAVO. Emisión de certificacións: a todos aqueles docentes cuxas experiencias de ApS resulten validadas pola comisión emitiráselles unha certificación desde o CUFIE.

**CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA DESENVOLVER
PROXECTOS DE APRENDIZAXE E SERVIZO ENTRE A
UNIVERSIDADE DA CORUÑA E O/A (NOME DA ENTIDADE
ASINANTE)**

A Coruña, de de 2015

REUNIDOS

Dunha parte, Sr. Xosé Luís Armesto Barbeito, Reitor da Universidade da Coruña (en adiante UDC), no seu nome e representación, segundo o establecido no artigo 20 da Lei Orgánica 6/2001, do 21 de decembro de Universidades e no DECRETO 251/2011, do 29 de decembro, publicado o 12 de xaneiro de 2012, do seu nomeamento.

Doutra parte, o Sr/ a Sra. (nome e apelidos do representante da entidade asinante), (cargo) de (nome da entidade asinante) (en adiante, (Acrónimo)) en virtude do seu nomeamento (si é entidade pública) / da escritura de poderes (si é entidade privada). O/A (Acrónimo) ten domicilio en (), código postal, de() e con NIF/CIF ().

As partes comparecentes recoñécense mutuamente plena lexitimación, capacidade e representación para a sinatura do presente convenio e, a estes efectos

EXPOÑEN:

PRIMEIRO. A UDC é unha institución dedicada á prestación do servizo público da educación superior e da investigación, enlazando a docencia, a investigación e a extensión universitaria.

SEGUNDO. A UDC promove a formación integral do estudiantado, entendida como aquela que se orienta á formación do estudiantado non unicamente como a profesionais, senón tamén como a cidadáns, que co seu nivel cultural, os seus coñecementos e habilidades específicas e o seu espírito crítico e humanista, sexan a base dunha sociedade máis xusta, solidaria e, en última instancia, sostible.

TERCEIRO. O Programa de Aprendizaxe Servizo da UDC ten como obxectivo institucionalizar e estender a aprendizaxe servizo a todas súas as titulacións como estratexia de formación integral do estudiantado.

CUARTO. A aprendizaxe servizo é unha proposta educativa que combina procesos de aprendizaxe e de servizo á comunidade nun só proxecto, no que os e as participantes se forman traballando sobre necesidades reais da contorna co obxectivo de melloralas.

QUINTO. O artigo 64.3 do Estatuto do Estudiante Universitario (EEU), aprobado polo Real decreto 1791/2010, de 30 de decembro, establece que as universidades deben favorecer practicas de responsabilidade social e cidadá que combinen as

aprendizaxes académicas nas diferentes titulacións coa prestación do servizo á comunidade orientado á mellora da calidade de vida e á inclusión social.

SEXTO. No marco do Programa de Aprendizaxe Servizo, poden ser entidades externas colaboradoras (destinatarias da acción social e solidaria do alumnado) calquera colectivo, entidade, asociación, ONG ou institución pública, sempre que a poboación destinataria directa ou indirecta das accións sexan, principalmente, persoas ou colectivos en situación ou risco de vulnerabilidade social. Poden ser tamén destinatarios do servizo as entidades ou institucións que teñan como finalidade conseguir o interese xeral ou comunitario.

SEPTIMO. O / a [... acrónimo da entidade asinante ...], co ánimo de colaborar na formación integral do alumnado universitario, quere participar no Programa de Aprendizaxe Servizo da UDC.

Así pois, formalizamos este convenio de acordo coas seguintes:

CLÁUSULAS:

PRIMEIRA. Os proxectos de aprendizaxe servizo son actividades académicas curriculares desenvolvidas no contexto das titulacións da UDC. Os proxectos poden, en consecuencia, desenvolverse en calquera materia, incluíndo as de Traballo de Fin de Grado, Traballo de Fin de Mestrado e Prácticas Externas. É posible, así mesmo, desenvolver proxectos de aprendizaxe servizo no contexto dos programas de doutoramento. En todo caso, resultará de aplicación a normativa reguladora vixente.

SEGUNDA. A realización dos proxectos que se amparan neste convenio non implica ningún tipo de relación laboral entre o/a estudante e o/a [... acrónimo da entidade asinante ...], dado que a actividade desenvolvida polo estudantado é estritamente académica. As actividades que se desenvolvan deben axustarse á formación e competencias dos/as estudantes e o seu contido non pode dar lugar, en ningún caso, á substitución da prestación laboral propia de postos de traballo nin á prestación dun servizo profesional.

TERCEIRA. A actividade que leve a cabo o/a estudante ao amparo deste convenio non debe ter efectos retributivos para o/a estudante, nin fins de lucro para o / a [... acrónimo da entidade asinante ...].

CUARTA. Sempre que pola natureza do proxecto sexa posible, os produtos derivados da actividade de aprendizaxe servizo deben poñerse a disposición pública de forma gratuíta. Farase constar a autoría e a vinculación co Programa de Aprendizaxe Servizo da UDC e do / da [... acrónimo da entidade asinantes ...].

QUINTA. A designación do alumnado que realice o proxecto de aprendizaxe servizo lévase a cabo segundo o procedemento establecido en cada centro da UDC. En todo caso, esta asignación, así como as características específicas e condicións do proxecto, deben ser pactadas de mutuo acordo polas partes nun documento que figura como anexo deste convenio, de acordo co modelo estipulado.

SEXTA. As prestacións sociais dos e das estudantes quedan cubertas polo seguro escolar, que se adquire de forma automática ao formalizar a matrícula oficial. Nos

casos que o estudantado non teña subscrito o seguro escolar obrigatorio, a UDC debe velar para que sexa subscrita unha póliza privada de accidentes.

SÉTIMA. A UDC comprométese a:

- a) Establecer e definir, en colaboración co / a [... acrónimo da entidade asinante ...], os proxectos que se deben levar a cabo, que se concretarán en forma de anexo a este convenio .
- b) Designar un titor académico ou titora académica entre o seu profesorado para cada proxecto, que, en coordinación coa persoa de referencia do / da [... acrónimo da entidade asinante ...], fará o seguimento.
- c) Velar para que o estudantado que participe se comprometa a:
 - Desenvolver o proxecto no período acordado.
 - Comunicar ao titor académico ou titora académica, de xeito inmediato, calquera incidencia que afecte ao desenvolvemento do proxecto.
 - Respetar as normas e regulamentos internos do / da [... acrónimo da entidade asinante ...], no seu caso, e especialmente gardar o segredo profesional e non utilizar nin divulgar a terceiros en ningún caso a información relativa ao / á [... acrónimo da entidade asinante ...] ou á súa actividade á que haxa ter acceso durante a realización do proxecto, sen autorización da entidade.
 - Presentar, no seu caso, os informes convidados sobre o desenvolvemento do proxecto, así como responder ás enquisas de seguimento de calidade do Programa de Aprendizaxe Servizo que lle sexan requiridas.
- d) Difundir a participación do / da [... acrónimo da entidade asinante ...] no Programa de Aprendizaxe Servizo da UDC e estender un certificado acreditativo a petición desta.

OITAVA. O / a [... acrónimo da entidade asinante ...] comprométese a:

- a) Establecer e definir, en colaboración coa persoa responsable académica da actividade, os proxectos a desenvolver, que se concretarán en forma de anexo a este convenio.
- b) Designar unha persoa de referencia para cada proxecto, que, en coordinación co titor académico ou titora académica, fará o seguimento.
- c) Comunicar ao titor académico ou titora académica, de xeito inmediato, calquera incidencia que afecte ao desenvolvemento do proxecto.
- d) Presentar, no seu caso, os informes convidados sobre o desenvolvemento do proxecto, así como responder ás enquisas de seguimento de calidade do Programa de Aprendizaxe Servizo que lle sexan requiridas pola UDC.

NOVENA. Para facilitar o seguimento e o cumprimento deste convenio, créase unha comisión de seguimento integrada por unha persoa de cada unha das partes asinantes.

DÉCIMA. Este convenio é vixente desde o momento da sinatura e ten unha duración dun ano, prorrogable automaticamente por períodos anuais.

UNDÉCIMA. Calquera das partes poderá renunciar ao presente convenio comunicándoo por escrito ás outras partes con seis meses de anticipación. En todos os casos finalizaranse todas as tarefas e compromisos previstos no convenio.

DUODÉCIMA. En suposto de litixio entre as partes, discrepancia ou reclamación resultante da execución ou interpretación deste convenio, as partes comprométense a resolvelo, sempre que sexa posible, de xeito amizoso. En caso contrario, é competencia dos xulgados e tribunais de A Coruña.

DECIMOTERCEIRA. A confidencialidade dos datos e o tratamento da información están protexidos pola lexislación sobre protección de datos de carácter persoal, que as partes comprométense a respectar en todo aquilo que sexa de aplicación á información obxecto deste convenio.

E, en proba de conformidade co expresado neste convenio, asínase por duplicado polas partes comparecentes no lugar e data que se sinalan no encabezamento

POLA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

POLA ENTIDADE

Xosé Luís Armesto Barbeito
Reitor da Universidade da Coruña

Nome da persoa representante
Cargo

**ANEXO Ao CONVENIO DE COLABORACIÓN ASINADO ENTRE A
UNIVERSIDADE DÁ CORUÑA E O/A (NOME DA ENTIDADE
ASINANTE) PARA DESENVOLVER PROXECTOS DE
APRENDIZAXE E SERVIZO**

En data de de de 20....., a Universidade da Coruña (en adiante, UDC) e o/a (Nome da entidade asinante) (en adiante, (Acrónimo)) asinaron un convenio de colaboración para desenvolver proxectos de aprendizaxe servizo.

A cláusula Quinta do mencionado convenio establece que a designación do estudiantado que realice o proxecto de aprendizaxe servizo lévase a cabo segundo o procedemento establecido en cada centro da UDC. En todo caso, esta designación, así como as características específicas e condicións do proxecto, han de ser pactadas de mutuo acordo polas partes nun documento que se ha de considerar como anexo deste convenio, de acordo ao modelo estipulado.

Desta forma, se formaliza este anexo cos datos seguintes:

TITOR/A ACADÉMICO/A (en caso de equipos docentes, o/a coordinador/a de o mesmo)
Nome e apelidos:
Departamento:
Teléfono:
Dirección electrónica:

PROXECTO DE APRENDIZAXE SERVIZO
Materia:
Titulación:
Descrición da actividade:
Competencias a desenvolver:
Obxectivos do servizo:
Persoas destinatarias do servizo:
Lugar de realización:
Duración:
Mecanismos de seguimento e avaliación do proxecto:

PERSOA DE REFERENCIA DE (ACRONIMO DA ENTIDADE ASINANTE)
Persoas de referencia designada pola entidade:
Cargo ou funcións que desenvolve na entidade:
Teléfono:
Dirección electrónica:

ESTUDIANTADO PARTICIPANTE (Reencher unha táboa por persoa)
Nome e apelidos:
Materia:
Dirección electrónica: (institucional)

A Coruña,

POLA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

POLA ENTIDADE

Nome da persoa responsable
Cargo

Nome da persoa responsable
Cargo